

## UN CONFLICTO MUNICIPAL NA GALICIA DE RESTAURACIÓN

Antonio Prado Gómez

O concello de **Castro de Rei de Terra Chá** aparece mencionado como tal xa na primeira demarcación territorial deseñada polo liberalismo hispano, a regulamentada no ano 1821, na que se comprendía ese municipio no Partido de Lugo. As indicacións do RD. de 23-VII-1835<sup>1</sup>, rexistraban novamente a existencia deste concello, que era un dos máis extensos da provincia e que estaba constituído por unha trintena de parroquias.

Ó longo do século XIX, aínda que en ocasións as transformacións municipais foron importantes, non afectaron directamente a este Concello, que se manterá inalterado todo o século. O *Diccionario geográfico-estadístico-histórico* de Pascual Madoz atribúalle, en 1845, un total de 25 parroquias e unha poboación de 5.912 habitantes, advertindo que dispoñía de casa consistorial e dun orzamento anual de 2.000 rs. No século seguinte, a *Geografía General del Reino de Galicia* de Carreras Candí, publicada entre 1925-1936, mantiña o mesmo número de parroquias, pero facía ascender o dos seus habitantes ata 7.604, mentres o seu presuposto anual pasaba a ser de 43.110 ptas.

Se en vez de tales referencias bibliográficas acudimos á información das

documentais, o reparto da contribución de palla e utensilios de 1845<sup>2</sup>, dividía o concello de Castro de Rei en 27 parroquias, unha das que era a de **Santiago de Viladonga**. A través destes valores impositivos poderíamos deducir a importancia real do concello e da parroquia, xa que a contribución municipal (5.000 rs.) representaba o 1,66 % do total da provincia, mentres o da parroquia de Viladonga (191 rs.) ascendía ó 0.06 %.

Na vida interna destes concellos, as liortas deberon ser frecuentes ó longo de todo o século XIX, ata o punto de poder asegurar que, moitas veces, os concelleiros non loxaban culminar o seu mandato<sup>3</sup>. Eran, en definitiva, un reflexo dos cambios políticos dun ou outro matiz, dos que non se libraba nin o Alcalde nin o Secretario do concello.

O **Alcalde** era, teoricamente, o máximo responsable do municipio, e o primeiro en soportar os vaivéns políticos. Por isto, e por tratarse dun cargo electivo e non remunerado, non resultaba atractivo, a non ser polo prestixio social que supoñía dentro do seu distrito e polas posibilidades de obter beneficios persoais para aqueles que non eran moi escrupulosos. Como afirmaba Adolfo Posada<sup>4</sup>, a figura do Alcalde

mantiña un dobre carácter, primeiro como representante do poder central, e logo, como representante do municipio.


Por definición, o **Secretario** do concello era o principal técnico na dirección dos municipios. Non resultaban ser cargos obrigatorios e dispoñían dunha remuneración equiparable á importancia do concello. A miúdo, estas remuneracións eran escasas e irregulares ante a fráxil situación financeira da maioría dos municipios, polo que os secretarios compensaban tal situación manexando a súa influencia para acadar outras compensacións. Esta perspectiva converteu o Secretario nunha personalidade sobre a que se cargaban gran parte das falcatruadas dos concellos<sup>5</sup>. Sen embargo resultaba un cargo imprescindible, tanto administrativa como legalmente, sen o que o concello non funcionaba nin era quen de cubrir as obrigas que lle demandaba a administración do Estado<sup>6</sup>.

A dependencia con respecto as mudanzas políticas facía que, en xeral, todo o persoal do concello se reclutase máis pola súa adscripción á aquela ideoloxía que estaba no poder, que polas súas capacidades persoais, polo que non se lles pode supoñer a estes funcionarios unha gran formación nin competencia, senón máis ben unha conveniente rede de relacións persoais<sup>7</sup>.

Ó figurar tamén o **cura de Viladonga** como un dos protagonistas do conflito e asinante dun dos documentos que nos serven de referencia, interesa ter en conta que, desde a reacción conservadora de 1874, produciuse un rexurdimento católico, que elevou a posición e a influencia social dos membros do clero, pero que tamén provocou sentimentos anticlericais como os que no primeiro dos escritos se poñen de manifesto.

Ademais, hai que considerar que a sociedade da Restauración propiciou o desenvolvemento dunha clase dirixente constituída por **proprietarios** de terras, dos que aquí figuran dous representantes que non dubidan participar na vida

A poboación do concello (1842-1981)



política activa do seu concello e mesmo controlar actividades tan determinantes como o cobro de contribucións.

O derradeiro asinante, o **notario**, representa a un funcionario moi particular, a quen a lei responsabilizaba da legalidade de contratos, testamentos e outros documentos que baixo a súa sinatura adquirían autenticidade. Era, neses momentos, un cargo relativamente recente, xa que tal profesión fora regulamentada en España en 1862 vinculando ó funcionario co Ministerio de Xustiza, pero dándolle unha gran autonomía e facendo incompatible o cargo con calquera outro que implicase funcións públicas.

Todo o exposto pretende axudar a comprender os documentos que acompañan, ilustran e motivan este traballo e que, en definitiva, exemplifican un conflito municipal con motivo dun proceso electoral posterior ó ano 1890, data en que se establece en España o sufraxio universal masculino. Nel aparecen implicadas tódalas forzas vivas do concello de Castro de Rei, isto é, por unha banda o Secretario do Concello, Ramón Balea, e por outra, o Alcalde Sr. Arias, o notario Sr. Basanta, o cura de Viladonga e dous propietarios do distrito, os señores Rodao e Muínelo. Encubriendo o enfrontamento entre as dúas partes, deixase ver o entramado dun esquema sociopolítico marcado polo **caciquismo** que caracteriza á Galicia da Restauración.

Na cronoloxía que nos ocupa, están vixentes as leis de 16-XII-1876 e de 2-X-1877, mediante as que se reorganizaba a administración local, procurando facer perder ós concellos a autonomía acadada en 1870. A lei municipal de 1877, en concreto, pode ser cualificada, sen esaxeración, de elitista, centralista e burocrática, sen que nela se recolliesen os principios máis elementais de autogoberno.

O gran obxectivo destes regulamentos era o de procurar a perpetuación do caciquismo, fronte ó que o modelo de sufraxio universal masculino establecido polos liberais en xuño de 1890, supuxo ben pouca cousa, xa que os modelos de representatividade estaban fortemente enmascarados<sup>8</sup>. Os armazóns caciquís ían do Ministerio de Gobernación ata ós Alcaldes, interconexionando toda unha rede de caciques, deputados e gobernadores

provinciais.

O propio líder conservador Antonio Cánovas, afirmaba ó acceder ó goberno no verán de 1890, que non lle preocupaba «el manejo práctico» do recentemente instalado modelo de sufraxio universal, e as eleccións celebradas en febreiro do ano seguinte viñéronlle a dar a razón, xa que os seus resultados non ofreceron cambios significativos con respecto ós do sufraxio de 1886, pese a multiplicarse por seis o corpo electoral (de 800.000 a 4.800.000 electores). Isto é, os representantes do goberno, seguían sendo amplamente maioritarios, sobre todo nos medios rurais.

Tal circunstancia facíase posible porque moitos dos novos votantes pertencían ás masas rurais pobres e analfabetas, e polo tanto resultaban facilmente controlables politicamente, xa que este electorado só podía comprender os beneficios particulares e inmediatos, precisamente aqueles que o cacique lle podía proporcionar a cambio do voto<sup>9</sup>.

Os intelectuais que se enfrontaron ó caciquismo, como Joaquín Costa ou Gumersindo de Azcárate, descubrían a súa explicación tanto nesa apatía xeneralizada ante o dereito de voto, como na profunda centralización do sistema administrativo da Restauración<sup>10</sup>, que rexeitaba a autonomía local e a liberdade de acción dos concellos, como queda evidenciado nos documentos que se acompañan.

En todo caso, resulta claro, que o fin do caciquismo pasaba necesariamente por unha reforma dos gobernos locais, que non había ter só aspectos políticos e administrativos, senón tamén económicos que, ó aportar unha maior capacidade financeira ós concellos, lles permitirán manter con independencia as súas iniciativas en tódolos terreos. Pero isto non era unha aspiración fácil.

## NOTAS

1. Vid. BOPL de 22-XI-1835.

2. Vid. BOPL de 28-II-1845.

3. X. Fariña Jamardo, *Os concellos Galegos*, p. 380. Do mesmo autor e

obra (pp. 304-311) se extraen os datos do cadro elaborado neste artigo.

4. Adolfo Posada, *Evolución legislativa del Régimen Local en España, 1812-1909*, pp. 327-328.

5. Vid. como exemplo as referencias do coñecido *Catecismo do labrego* de Fr. Marcos da Portela, que lle dedica moi concretas e negativas alusións tanto á figura do Alcalde como á do Secretario dos concellos.


6. Vid. A análise que sobre o personaxe ofrece X. Fariña Jamardo na obra *El pequeño mundo de la vida local, El secretario en la literatura*, pp. 237-316.

7. Vid. J. S. Villamarín, *Examen del estado económico y administrativo de los ayuntamientos rurales de Galicia*, artigo publicado no periódico **El Correo de Lugo**, número 20 de outubro de 1860.

8. Vid. J. M. Benítez de Lugo, *El municipio y sus elementos esenciales*, p. 32 e ss.

9. Vid. R. Carr, *España: de la Restauración a la democracia: 1875-1980*, p. 35.

10. Vid. Adolfo Posada, *Evolución legislativa del Régimen local en España, 1812-1902*, pp. 314-321.



Portada da primeira edición do *Catecismo do Labrego* (1889), na que se reflicte a opresión que exercen sobre os campesiños os grupos oligárquicos da época: políticos, militares e propietarios.

# Electores del distrito de Castro de Rey.

## ¡¡¡HAGASE LA LUZ!!!

Arias, Rodao, Muinelo, el Cura de Villadonga, Basanta y sus Coadjutores, os engañan... son los apóstoles de la mentira..... ofrecen lo que no pueden cumplir..... no os hablan de lo que han podido hacer, y no hicieron cuando han sido lo que pretenden volver á ser ahora.

¿Por qué Arias no tuvo menos porteros cuando ha sido Juez de paz? ¿Por qué no les aconsejó que fuesen mas indulgentes y menos borrachos?

¿Por qué Basanta no perdonaba mas derechos y no se familiarizaba menos con los porteros?

¿Por qué Rodao no perdonó siquiera el premio de cobranza en el pasado trimestre de contribuciones y no hizo gracia de algunas cuotas á los pobres mas afligidos para poder captarles ahora la voluntad y ahorrarse de molestarles con tantas visitas á caballo?

¿Por qué el Cura de Villadonga no atiende á cubrir sus deudas y cumplir con los acreedores, á quienes estamos pidiendo siempre misericordia para él? ¿Por qué este mal orador se sale de su parroquia invadiendo las de otros mejores evangelistas, convertido en apóstol de la mentira con sus acólitos Muinelo y Rodao? ¿Por qué no se contentan con arreglar los caudales de la Cofradía de Villadonga, que está muriendo por consunción? ¿Por qué todo esto, electores? ¿Por qué andan tan convertidos en caballeros de la triste figura? ¿Será por caridad? No lo será de seguro; y si todo esto es caridad, decidnos ¿queréis mas porteros en el Juzgado de paz? Si los pedís se os darán, si nó, permaneced tranquilos que no los habrá. ¿Queréis que el Secretario y los porteros cobren más derechos que hasta aqui, todos los derechos de arancel? Teneis el remedio en vuestra mano; no consintais que os los perdonen. ¿Queréis que el Juez de paz autorice tantas borracheras como habia en el Alvarido? No, y mil veces no: esto sabemos muy bien que no lo quereis, porque vosotros, con pocas escepciones quereis lo bueno, y las borracheras son contrarias á los intereses, á la salud, á la moralidad y al órden público.

¿Franqueza y hágase la luz? ¡Electores! esos apóstoles de la mentira os engañan; quieren alucinaros con promesas que no pueden cumplir, como son la de suprimir las escuelas de primera enseñanza, y otras de que pueden disculparse mañana, diciendo que el Gobierno ha restablecido aquellas y ha sido culpa de que no se realizasen éstas. No teneis que temer del Juez de paz..... ellos no lo serán..... y el que lo es por el buen acierto de las autoridades provinciales, encargadas de proponer su nombramiento, seguirá cumpliendo como hasta aquí su mision de paz, equidad y justicia. No vacileis, pues, electores para elegir vuestro Ayuntamiento: votad aquellos hombres que os merezcan mas confianza y mejor concepto: los conoceis á todos, y abundan por fortuna en este distrito hombres de todas clases, inteligentes y honrados que no tienen pretensiones de ejercer cargos públicos y que por lo tanto, serán mejores centinelas del patrimonio del comun que los que por administrarlo andan desvelados corriendo y fantaseando; mintiendo, calumniando y labrando vuestras discordias. No os halaguen sus vanas promesas, no os intimiden sus amenazas: ejercitad en su día vuestro derecho de Sufragio universal con la libertad que os concede la ley, con aquella libertad que aconseja el órden, la rectitud y la justicia en todo; y si de este ejercicio resultase un Ayuntamiento que vote la destitucion del Secretario que os ama y que os habla con el corazon en la mano, Dios os depare otro mejor que vuestro

RAMON BALEA.

## ELECTORES DEL DISTRITO DE CASTRO DE REY.

---

Circulado el incalificable impreso *¡¡¡Hágase la luz!!!*, al reflejo de esa luz apareció desde luego en toda su triste desnudez el verdadero retrato del Secretario Balea.

Juzgado está ya por el público sensato. Es un inmundo libelo de feos insultos, de atrevidas calumnias, de torpes vulgaridades y de injurias graves *contra Arias, Rodao, Muínelo, el Cura de Villadonga, Basanta y sus Coadjutores*, y un guante arrojado á todo el distrito. Nosotros no volveremos insulto por insulto, ni miserias por miserias, porque nos respetamos y os respetamos mucho. El castigo de las ofensas personales es de la exclusiva competencia de los capítulos 1.º, 2.º y 3.º tit. 41 del Código criminal. Las sinrazones deben combatirse con la razón sola.

Es también el tal impreso una carta suplicatoria, que os dirige Balea, temeroso de la pérdida de un destino que tanto le agrada. Si deseais complacerle, nombrad el Ayuntamiento que él os imponga. Si no quereis ni os conviene un Secretario semejante, en vuestras manos teneis el sufragio universal. Ejercitadlo sin miedo, ~~con~~ absoluta libertad; pues se acabó el tiempo de los amaños y de las coacciones electorales. Permanezcamos firmes en el pensamiento de elegir hombres probos, entendidos é independientes, sin otra mira que el pró-comunal. A la obra por lo tanto, que nunca es tarde para el bien.

Por lo demás, *Arias*, como Juez de paz, como Alcalde y en los varios cargos administrativos con que, pese al libelista, vino honrándole el país, sabeis puede presentar una hoja de servicios muy limpia y muy pura, que otros envidiarían.

*Basanta* es un honrado Notario público, equitativo en sus derechos y apreciado en general, por su comportamiento y llaneza con todos. Ni aun el injusto agresor mismo se atrevió á negarlo.

Nada debe á Balea *el Cura de Villadonga*, y si no tuvo éste la habilidad suya para hacerse rico, en cambio comparte su pan con el pobre, y consagrado á las tareas pastorales, predica el Evangelio Santo, que es la verdad por esencia. Díganlo sus feligreses.

*Rodao* es un decente propietario, que respeta lo ageno; hallándose en igual caso *Muínelo*.

Ninguno de estos y sus amigos faltaron jamás á su palabra. Cuanto por ventura os hayan ofrecido respecto de escuelas y otras economías municipales, sabrán cumplirlo religiosamente en su día, á despecho del obstáculo tradicional en el distrito. Ninguno ha sido estafador ni traficante político; ninguno improvisó lujosas galerías ni pingües haciendas á costa de los domiciliarios; ninguno se ha erigido en repartidor despótico y arbitrario de las contribuciones públicas, en provecho propio.

Todos somos bien conocidos: lo es también Balea, y cada cual quedará en el lugar que le señale la opinión. Elegid según vuestra conciencia. Esto cumple á nuestro decoro manifestar por ahora. Respecto á la parte verdadera y difamatoria del impreso miserable, se reservan contestar aparte, implorando el condigno desagravio ante los tribunales de justicia, vuestros afectísimos conciudadanos

ARIAS.

RODAO.

BASANTA.

EL CURA DE VILLADONGA.

MUÍNELO.